

1

Á atención da alcaldía:

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efecto de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro e voceiro de Somos Ribadumia expoño:

- Temos constancia de que dende a pasada *XLVII Festa do Viño Tinto do Salnés e Exaltación das Variedades Autóctonas* os semáforos do centro de Barrantes permanecen en cor ambar e intermitentes por orde expresa da alcaldía. Esta circunstancia, sen a adopción de ningunha outra medida de seguridade viaria alternativa, supón un gran empeoramento da seguridade viaria neste núcleo, sometido a unha alta densidade de tráfico nunha zona cunhas características moi particulares, cun alto número de intercesións en moi poucos metros de estrada.
- Temos constancia tamén de que neste tempo esta situación provocou varios sustos, tanto a condutores que case baten nalgunha das intercesións, como a persoas do núcleo, entre eles algún caso nenos pequenos que a piques estiveron de ser atropelados e outros con persoas maiores que teñen problemas para cruzar nos pasos peonís. O problema ven porque os vehículos evitan deterse e darlle prioridade as persoas que cruzan a pé ou, como a velocidade permitida e de 50km/hora, non lles da tempo a deterse.
- Concordamos en que os semáforos non son o mecanismo de seguridade máis cómodo, e de feito ao longo da lexislatura pasada estudiáronse varias posibilidades, alternativas á actual, economicamente viables e sinxelas de aplicar. Por ese motivo parécenos unha total irresponsabilidade anular os semáforos sen dotar o núcleo de Barrantes de outras medidas alternativas que garantan que as numerosas persoas que se desprazan cada día polo centro e Barrantes poidan facelo con garantías de seguridade viaria. Unha irresponsabilidade que advertimos, pode traer graves consecuencias, que estamos seguros de que ninguén desexa, do mesmo xeito que estamos seguros de que se acontece algunha desgracia, mais aló de responsabilidades legais, estarán as morais e políticas, e recaeran en quen toma este tipo de decisións.

Por este motivo solicitamos:

- **Se nos permita o acceso aos informes técnicos que xustifican esta medida.**
- **Que de xeito inmediato: ou ben se volvan a poñer en funcionamento os semáforos, ou se doten medidas alternativas de seguridade que obriguen a redución da velocidade do tráfico e ao respecto polas zonas de paso de peóns, no centro do núcleo de Barrantes, e garantan a seguridade das persoas.**

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
21/06/2019.





Á atención da alcaldía:

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efecto de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro e voceiro de Somos Ribadumia expoño:

- Temos constancia de que na zona descampada onde habitualmente se colocan as atraccións durante a festa do viño, hai unha manguera de auga municipal da que se estiveron servindo os propietarios das atraccións durante as festas e no tempo que se mantiveron acampados nesa zona, que está rota e perdendo auga se xeito continuado dende fai cando menos dez días.
- Temos constancia de que varios veciños puxeron esta situación en coñecemento do Concello en días pasados sen que se teña resolto a rotura.

Por este motivo solicitamos:

- Se repare de xeito inmediato esta rotura, e se limpe a zona, que está nun estado lamentable.
- Se nos dea conta de en que condicións os camións das atraccións estiveron conectados aos servizos públicos, dado que esa manguera non conta con contador, nin hai nesa zona saneamento ao que poder engancharse, e se aboaron algunha cantidade económica polo acceso a auga pública, ou se se lles penalizou por deixar toda a zona no estado lamentable no que quedou e que terá que se limpada por operarios municipais.



José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
21/05/2019.

(Handwritten signature)

Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efecto de comunicacións en rúa Mimosas 17b, 1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia expoño:

- Temos constancia de que as sendas fluviais do Concello presentan un estado lamentable, con elementos de madeira, vallas, papeleiras, e outros elementos rotos ou en mal estado, non solo dando unha mala imaxe do noso concello nas zonas máis visitadas, se non tamén supoñendo nalgún caso un perigo para as persoas pola presenza de puntas de ferro ou aristas que poden provocar feridas ou cortes:



- Polo que solicitamos:
 - Que a maior brevidade se destine un equipo de traballo a revisar, reparar e adecentar as sendas fluviais do noso concello.
 - Se nos remita por escrito un informe de todas as actuacións de reparación e mantemento realizadas no que levamos de ano e do seu custe económico.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
26/07/2019.




REXISTRO XERAL

Nº. ENTRADA: 2019 00002747



DATA REXISTRO: 09/08/2019 13:54:00.



Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efecto de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia solicito:

- Acceso ao proxecto da obra que a Deputación de Pontevedra está executando na Rúa A Torre.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
08/08/2019.



A atención da Secretaría municipal:

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, en representación de Somos Ribadumia solicito:

- Se nos aclare dende a secretaría municipal cales son as obrigas e dereitos do grupo mixto no pleno municipal, e como debe ser o seu funcionamento, así como o dos partidos que o conforman.
- Se nos remitan os informes dos que se dispoñan ou soliciten nese sentido e tamén os informes nos que se baseou o goberno municipal para tomar a decisión de non formar o grupo mixto no ano 2015 e os posteriores que motivaron o cambio desa decisión.

Enrique Oubiña, voceiro de Somos Ribadumia. 04/092019



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código: D: E30001E84R00Q6H4K IL2T4V2 en la Sede Electrónica de la Entidad.	FIRMANTE - FECHA		ENTRADA: 201900002996
	CONCELLO DE RIBADUMIA - 04/09/2019 CN=isaizenpe.com, ORGANIZATION=DENTIFIERVATES RG1337250, O=IZENPE S.A. CPES - 04/09/2019 12:28:33 [PRR DD -] REGISTRO DE DOCUMENTOS: ENTRADA OFICINA KERAL 2019 2996 - 04/09/2019 12:27		Fecha: 04/09/2019 Hora: 12:27 Und. reg. XPRAL



REXISTRO XERAL

Nº. ENTRADA: 2019 00003117.



DATA REXISTRO: 13/09/2019 14:28:43.



Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, solicito:

- que se nos conteste por escrito ás seguintes cuestións relacionadas coa XXVI *Xuntanza dos Nossos Maiores* celebrada o pasado 31 de agosto de 2019:

- Número total de asistentes ao xantar de confraternidade.
- A relación de concelleiros e concelleiras que participaron no xantar de confraternidade.
- Unha relación de outros cargos públicos ou persoas convidadas de xeito institucional (a cargo do Concello) ao xantar de confraternidade.
- Custe total para as arcas municipais, de ser posible desglosado por actividades, de toda a xornada.
- Custe que supuxo para as arcas municipais a participación no xantar dos concelleiros e concelleiras.
- Custe que supuxo para as arcas municipais a participación no xantar de outros cargos institucionais ou persoas convidadas polo Concello.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
12/09/2019.





Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, solicito:

que se nos conteste por escrito e a maior brevidade posible ás seguintes cuestións relacionadas co situación no centro de saúde Ribadumia:

- Se o alcalde ou algún membro do equipo de goberno mantivo nos últimos tres meses xuntanzas coa xerencia da EOXI Pontevedra-Salnés.
- De ser así:
 - cantas xuntanzas houbo
 - en que datas tiveron lugar
 - que cargos públicos ou representantes do Concello e da EOXI Pontevedra-Salnés participaron.
 - Que temas se trataron e que conclusións ou solucións se acadaron para os problemas do centro de saúde Ribadumia.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
20/09/2019.

EXCMO. CONCELLO DE RIBADUMIA

REXISTRO XERAL

Nº. ENTRADA: 2019 00003314.



DATA REXISTRO: 04/10/2019 14:41:57.



Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, solicito:

- Que o equipo de goberno faga públicas as contas da XLVI e XLVII Festas do Viño Tinto do Salnés e Exaltación das Variedades Autóctonas (edicións 2018 e 2019).
- Se nos permita o acceso ao listado de persoas convidadas polo Concello con cargo aos fondos públicos ao xantar de confraternidade nas dúas edicións da festa arriba referidas, tal como o alcalde comprometeu no seu momento.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.
04/10/2019.

EXCMO. CONCELLO DE RIBADUMIA

REXISTRO XERAL

Nº. ENTRADA: 2019 00003746.



DATA REXISTRO: 22/11/2019 14:30:25



Á atención da alcaldía

José Enrique Oubiña Lago, con DNI 76870107J, domicilio a efectos de comunicacións en rúa Mimosas 17b,1ªa, en calidade de concelleiro no concello de Ribadumia e voceiro de Somos Ribadumia, expoño:

- Temos constancia de que o actual equipo de goberno chegou a un acordo coa organización do torneo de fútbol *Arousa Fútbol 7* para que a edición do ano 2020 se celebre en Ribadumia.

Solicitamos:

- Se nos achegue por escrito e a maior brevidade posible o desglose dos custes "reais" totais que a celebración da edición do ano 2019 do *Arousa Fútbol Sete* tivo para as arcas do concello. Referímonos obviamente a custes de persoal, horas de limpeza, materiais, ou de calquera outra índole, que foran por conta do Concello de Ribadumia.
- Se nos permita acceder, ou se nos pase copia, do convenio asinado coa entidade organizadora do *Arousa Fútbol Sete* para a celebración da edición do ano 2020. En caso de non existir convenio no momento de contestar a este escrito, que se nos especifique a súa ausencia e en todo caso as condicións do acordo, e os custes "reais" que vai ter para o concello de Ribadumia a celebración dese evento.

José Enrique Oubiña Lago, voceiro de Somos Ribadumia.

22/11/2019.